

A derradeira folla

El xa había tempo que non vivía. E non me refiro a que estivera morto, refírome a que os sentimentos non circulaban polo seu corpo. Máis isto non sempre foi así. El naceu con sentimentos. Na súa xuventude foi sentindo, e tamén de adulto, por suposto. Máis, agora convertérase nunha persoa seria e fría. Acostumaba sentarse nun banco de pedra, con vistas á ría de Santa Cristina. Vía a moita xente protestar. Os nenos queixábanse de que os seus pais non lles compraban ese xoguete que querían. Haberase visto! El de pequeno só contaba cunha pelota de tea que lle fixera a súa nai para xogar cos seus amigos no parque. E eses nenos coas casas cheas de xoguetes e seguían pedindo. Os adultos tamén se queixaban, porque tiñan moitas cousas que facer, polo traballo... Mais, ningunha desas persoas sabía o que tiñan. Queixarse por parvadas todo o día. Era absurdo. Tiñan familia, amigos... Contaban con xente que os apoiaba ou que lles facía compañía. El estaba só, porque as cousas non só poden cambiar, senón que cambian, e dun día a outro.

Ese banco en fronte da auga e da area traíalle nostalxia. Nostalxia de cando a súa pel aínda non tiña engurras e cando aínda non se quedara calvo por completo. Traíalle recordos dela, de cando ambos eran mozos e quedaban naquel mesmo banco. O seu primeiro bico foi alí. A súa pedida de matrimonio, tamén. Incluso o último día no que ela lle deu a man. O seu cancro foi diagnosticado demasiado tarde. Xa había meses diso, mais parecía onte.

Nos seus últimos días ela levaba un pano na súa cabeza, núa pola quimioterapia, a cal non solucionou nada. Eses días tiña os ollos folgados e a pel moi pálida, mais para el, seguía sendo a muller máis bonita que no mundo enteiro poderías atopar.

Aquel día, ou máis ben todos os días, dende que ela xa non estaba, levaba o pano que tanto lle gustaba á súa muller. Trouxéao da China na súa lúa de mel. No momento no que dirixiu a súa vista ao pano, este saíu voando como consecuencia da brisa desa tarde. Por sorte, non foi lonxe nin moito menos, posto que rematou debaixo do banco no que el descansaba. Pepe agachouse para collelo, e atopou na aparte interior da pata do banco, un debuxo. El coñecía ben. Ese debuxo fixérao 70 anos atrás con Rosario, cando aínda tiñan 15. O debuxo das iniciais dos seus nomes rodeadas dun gran corazón vermello, claramente deteriorado polo paso de tempo. Mais, ao seu lado, encontrábase, pola pinta, unha mensaxe algo máis recente. As palabras escritas eran as seguintes: “A última folla caerá nalgún momento. Mira no soto. Rosario”. Ai, aquela frase, “A derradeira folla caerá nalgún momento” era a frase favorita da súa muller. Sempre a empregaba, capaz de

adaptala case en calquera contexto. Recordou que unha vez, cando era nova, ela empregou aquela frase cando el lle dixo que as vacacións tardaban demasiado tempo en chegar. Que a súa muller escribira esa frase parecíalle o máis corrente do mundo, máis a a oración “mira no soto” desconcertouno un pouco, a dicir verdade. Así, Pepe levantouse dun chimp, apoiouse no seu bastón e, co pano da súa muller na man, botou a correr a gran velocidade (dentro das súas habilidades e os anos con que cargaba) cara á súa casa.

Aproximadamente 10 minutos despois chegou á súa casa. Unha vivenda cor laranxa, de dúas plantas e con grandes e fermosas ventás con vistas á ría. Era unha casa algo vella, mais conservábase moi ben. Ao chegar, Pepe colleu as chaves do peto do seu abrigo, abriu a porta, e sen sacar sequera os zapatos nin a gabardina, dirixiuse ao soto. Nada máis abrir a porta deste, viu unha árbore ben pequena. Unha cerdeira, concretamente. A árbore favorita de Rosario, e non era de estrañar, era ben fermosa. Ao lado da árbore había unha carta. Agachouse para recollela, poñéndose de xeonllos sobre o chan. E comezou a ler: “Cóidaa tan ben coma o fixeches comigo”. Unhas bágoas comezaron a esvarar polas meixelas de Pepe, empapando o papel e case facendo crecer a árbore.

* * *

Xa pasaran cinco ou seis anos, non o recordaba ben. En todo ese tempo, a árbore que Rosario lle deixara a Pepe era agora a súa posesión máis prezada. O motivo polo cal cada día se incorporaba da súa cama. Xa era rutina: cada día pola mañá vestíase, almorzaba, e dirixíase ao parque José Martí. Logo, ía onde a súa cerdeira e apoiábase no seu groso e agora grande tronco. A árbore xa non era pequena, nin moito menos. Ao sentarse na herba, pechaba os ollos. Nese momento, sentía á súa muller ao seu lado. Sentía que a árbore tiña a súa alma, mesmo que era a súa reencarnación. Aquel día, 15 de outubro, como cada mañá, foi ver a súa muller, digo, a árbore. Apoiouse no tronco da árbore, colleu do peto da súa gabardina o pano de Rosario e apertouno con forza. Nese instante sentiu dor, pero felicidade á vez. Mirou cara arriba: era outono, e na cerdeira só quedaba unha solitaria e fermosa folla.

De súpeto, unha brisa rozou a árbore, e fixo que a folla caera desta moi, moi amodo. Pepe pechou os ollos e relaxouse. Relaxouse tanto, que todo o seu corpo o fixo. Cada partícula habitada no seu ser relaxouse. E, cun sorriso no seu delicado e fráxil rostro, viu a Rosario. A derradeira folla, sempre cae nalgún momento, dixo.